

Recurso nº 86/2019

Resolución Medida Cautelar nº 47/2019

**RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN  
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 10 de abril de 2019.

VISTA a **medida cautelar** instada por dona Sandra de la Puebla González actuando en nome e representación de ELECNOR S.A. no seu escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación contra o acta da mesa de contratación do Concello da Estrada, de data 08.03.2019, que acordou a súa exclusión da contratación dunha subministración para renovación parcial e sistema intelixente de xestión do alumeadado público exterior AESS2020, expediente 6494/2018, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante), en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**Primeiro.** En data 04.04.2019 foi interposto o recurso especial en materia de contratación contra o acta da mesa de contratación do Concello da Estrada, de data 08.03.2019, que acordou exclusión da recorrente na contratación dunha subministración para renovación parcial e sistema intelixente de xestión do alumeadado público exterior AESS2020, expediente 6494/2018. Nese escrito a recorrente solicita que se acorde a medida cautelar consistente en suspensión da contratación.

**Segundo.** En data 04.04.2019 se lle deu traslado ao órgano de contratación do escrito de interposición do recurso especial, reclamándolle o expediente de contratación



e informe. Tamén se indicou que podía presentar alegacións sobre a petición de adopción das medidas solicitadas, sen que se recibiran no prazo concedido.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** A recorrente solicita a medida cautelar no seu escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación, regulada no artigo 56.3 Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP, en adiante). Segundo o mesmo, se debería decidir sobre a mesma dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da interposición do recurso.

**Segundo.-** A competencia deste Tribunal para a adopción de decisións sobre a solicitude de medidas cautelares nos expedientes de contratación ven establecida no artigo 35.bis da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Ao abeiro disto, é competente para resolver esta solicitude de medida cautelar.

**Terceiro.-** O artigo 49 LCSP dispón que as persoas lexitimadas poden solicitar ante o órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Engade que tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados, e poderán estar incluídas, entre elas, as destinadas a suspender ou a facer que se suspenda o procedemento de adjudicación do contrato en cuestión ou a execución de calquera decisión adoptada polos órganos de contratación.

O artigo 2.5 da Directiva 2007/66/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2007, pola que se modificaron as Directivas 89/665/CE e 92/13/CEE do Consello, dispón que *“os Estados membros poderán dispor que o órgano responsable dos procedementos de recurso estea facultado para ter en conta as consecuencias probables das medidas provisionais para todos os intereses que poidan verse prexudicados, así como para o interese xeral, e para decidir non conceder tales medidas si as súas consecuencias negativas puidesen superar as súas vantaxes”*.

En tales Directivas o recurso especial en materia de contratación se concibe como instrumento dotado das notas de axilidade e eficacia para garantir o cumprimento da



lexislación sobre contratos públicos e a corrección das posibles infraccións dos poderes adxudicadores nunha etapa na que estas poden aínda ser corrixidas.

En virtude do dito, analizados os intereses en conflito, e dada a finalidade de asegurar o efecto útil do recurso, procede acoller a medida cautelar.

Polo exposto, vistos os preceptos legais de aplicación e, en concreto de conformidade co establecido nos artigos 49 e 56 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e do artigo 25 do Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual, aprobado polo Real Decreto 814/2015, do 11 de setembro, este Tribunal

### RESOLVE

**Adoptar a medida cautelar** de suspensión da contratación dunha subministración para renovación parcial e sistema intelixente de xestión do alumeadado público exterior AESS2020, expediente 6494/2018.

Contra a presente resolución non cabe recurso ningún, sen prexuízo do que proceda contra a resolución que se dite no procedemento principal de recurso.

O PRESIDENTE, Santiago Valencia Vila. A VOGAL-SECRETARIA, Ana María de Frutos Martínez. O VOGAL, Tomás Otero Ferreiro.

